

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

ORGANISMO: DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Capítulo	
Epígrafe	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Resolución do 19 de xaneiro de 2021, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se nomean aos membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, se convoca aos concursantes para a realización da proba e se fai pública a data, hora e lugar de celebración.

TEXTO

Por Resolución do 30 de outubro de 2020, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, convocouse o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional (BOE núm. 295, do 9 de novembro).

De acordo co disposto na base quinta da antedita resolución, en aplicación do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, os concursantes que non acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente, participarán nunha proba de galego eliminatoria.

No citado precepto establécese que a valoración da dita proba a realizará unha comisión técnica composta por tres persoas expertas na materia, nomeándose por cada membro titular un suplente.



Na súa virtude, vista a proposta realizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, esta Dirección Xeral de Administración Local,

DISPÓN

Primeiro.- Nomear ás persoas que a continuación se relacionan membros da Comisión Técnica de Valoración da proba do galego no concurso unitario de traslados para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional:

Titulares:

- Gregorio Ferreiro Fente
- Purificación Galán Boutureira
- Concepción Armas Quintá

Suplentes:

- Ruth Otero Vilar
- Olga López López
- Isabel Gil Gil

Esta comisión terá a categoría primeira das previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño. O número máximo de asistencias a percibir será de tres.

Segundo.- Convocar aos concursantes que non acreditaron xunto coa solicitude de participación no concurso unitario convocado por Resolución do 30 de outubro de 2020, estar en posesión do Celga 4 ou equivalente para a realización dunha proba eliminatoria de galego.

A relación de concursantes que deberá realizar a devandita proba exporase no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Administración Local e na páxina web (<http://www.eidolocal.es>).

Terceiro.- A proba terá lugar o vindeiro día 4 de febreiro de 2021, ás 10:00 horas, na Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid n.º 2-4, Santiago de Compostela.



Os concursantes deberán ir provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión.

Non se permitirá o acceso ao lugar da proba con teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2021

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

INSÍRASE

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

